



CUESTIÓN DE INCOMPETENCIA

Os Acordos son para cumprilos

Onte, 17 de xullo de 2024, tivo lugar unha presunta reunión da Mesa Delegada da Seguridade Social. O único que sacáramos en claro antes da presunta reunión é que a Subsecretaria do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, Cristina Navarro Enterría, delegou mediante Resolución de 5 de xullo *“en la persona titular de la Secretaría de Estado de Seguridad Social y Pensiones la presidencia de la Mesa Delegada de la Seguridad Social.”* No noso caso, Borja Suárez Corujo.

¿Apareceu o flamante presidente da Mesa Delegada da Seguridade Social, Borja Suárez Corujo? Vai ser que **NON**. Estará máis ocupado co diálogo social ou co peche do exercicio orzamentario. ¿E se está tan ocupado, por que asume a presidencia da Mesa Delegada da Seguridade Social e da plantón á lexítima representación do persoal que presta servizos na Seguridade Social?

Incumprindo a lexislación vixente, no seu lugar apareceu Sancho Íñiguez Hernández, Director do Gabinete da Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións, quen, tras presentarse, cedeu a palabra a Jaime Cruz Rojo, quen explicou que non había nada novo dende a infrutuosa reunión do pasado 4 de xuño.

Nada novo sobre a aplicación do Acordo do 16 de maio de 2023, asinado co seu puño e letra por Borja Suárez Corujo. Nada novo sobre a Axencia, nin de provisión de postos, nin de traballo non presencial, nin de produtividades, nin de formación, nin de estabilidade no emprego, nin de oferta de emprego público e promoción interna. O único que tamén nos entregaran previamente foron 11 documentos de prevención de riscos laborais, que serán tratados no Grupo de Traballo correspondente.

Tras lembrarlle que a Administración ten que cumprir a legalidade vixente, dende a Constitución Española ata o Regulamento da Mesa Delegada, levantámonos da presunta reunión requirindo que lle trasladen ao presidente da Mesa Delegada da Seguridade Social, Borja Suárez Corujo, o cumprimento das súas funcións como o cumprimento dos acordos asinados previamente.

CSIF, CCOO, CIG e ELA non podemos tolerar que continúen ninguneando ao persoal da Seguridade Social. Anunciamos o inicio de accións reivindicativas conxuntas.

18 de xullo de 2024